



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 2 DE ABRIL DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba a bandeira da Deputación de Lugo

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dos tramos das estradas AC-180 (P.Q. 0 + 810 ao 1 + 360), AC-181 (P.Q. 3 + 260 ao 3 + 520) e AC-182 (P.Q. 3 + 350 ao 3 + 770) a prol do concello de Oleiros
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada AC-170 (Guísamo – Santa Marta de Babío) a prol do concello de Bergondo

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se crea un instituto de educación secundaria en Pontearreas (Pontevedra)

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de monumento, o mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil, no concello de Parada de Sil (Ourense)

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, para a atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou



padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Santiago de Compostela, en materia de prevención e extinción de incendios e salvamento

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o ente público Portos de Galicia e o Concello de Nigrán, para o acondicionamento da zona portuaria do porto Panxón- Nigrán (Pontevedra)
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Cariño á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela, para a construción e desenvolvemento do Centro de Investigacións Médicas (CIMUS), Centro de Investigación Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) e o Centro de Investigacións en Biotecnoloxías Aplicadas á Alimentación

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a concesión de subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade para financiar os seus gastos de funcionamento

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte, o Concello de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela, para o financiamento da conservación e posta en valor da muralla romana de Lugo e os restos arqueolóxicos anexos á Porta de Santiago e ao edificio cultural da Vicerreitoría. II Fase



- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e a Universidade de Vigo, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, para a realización da preparación do inventario, salvagarda e posta en valor do patrimonio cultural inmaterial de Galicia

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se aproba o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para a ampliación II da granxa mariña na praia de Lago, Xove (Lugo), promovido pola empresa *Insuíña, S.L.*

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a aprobación definitiva do proxecto sectorial do Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes, no Concello de Porriño

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Informe sobre execución orzamentaria

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta das actuacións realizadas ao abeiro da declaración de emerxencia das actuacións administrativas necesarias para solucionar o problema de vivenda das familias afectadas no barrio do Celeiriño, no concello de Viveiro, polas obras de baleirado dun soar, dado o estado total de deterioración das vivendas e o perigo de derruba



O CONSELLO APROBA A BANDEIRA DA DEPUTACIÓN DE LUGO

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao decreto polo que se establece a conformación oficial da bandeira da Deputación de Lugo.

Deste xeito, a bandeira está dividida en dúas franxas horizontais de azul e de vermello; na superior, sobre o fondo azul, aparece centrado un cáliz sumado da sagrada forma radiante, ambos de amarelo, e flanqueados por dous anxos orantes sobre nubes de cor branca. No pano inferior, de vermello, aparece unha torre donxonada de branco, franqueada por dous leóns enfrontados de amarelo.



A XUNTA TRANSFIRE AOS CONCELLOS DE OLEIROS E BERGONDO A TITULARIDADE DE CATRO TREITOS DE ESTRADAS AUTONÓMICAS

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto para o cambio de titularidade de catro treitos que se corresponden con outras tantas estradas autonómicas ao seu paso polos concellos coruñeses de Oleiros e Bergondo. No caso de Oleiros trátase dos treitos das estradas AC-180 Carballo-Oleiros (entre os puntos quilométricos 0+810 e 1+360), AC-181 Arillo-Oleiros (entre os puntos 3+260 e 3+520) e AC-182 Espírito Santo-Oleiros (entre os quilómetros 3+350 e 3+770). En Bergondo a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes transfire a estrada AC-170 Guísamo-Santa Marta de Babío en toda a súa lonxitude, duns dous quilómetros.

A normativa establece que poderán ser obxecto de cambios de titularidade a favor dos concellos aquelas estradas ou treitos de estradas que teñan características de urbanas ou que pertencen a treitos antigos de estradas en que se fixeron variantes de trazado.

Neste caso, os treitos obxecto de transferencia adquiriron características urbanas xa que posúen beirarrúas, saneamento e abastecemento de augas e iluminación pública.

As transferencias -que foron solicitadas polos propios concellos de Oleiros e Bergondo- contan co informe favorable da Dirección Xeral de Obras Públicas. Unha vez publicado o decreto no *Diario Oficial de Galicia*, os concellos de Oleiros e Bergondo asumirán a xestión, mantemento, conservación e explotación dos treitos sinalados.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DE CREACIÓN DUN NOVO IES EN PONTEAREAS CON CAPACIDADE PARA 16 UNIDADES

- *O novo centro conta cuns 3.800 metros cadrados construídos e supuxo un investimento de máis de 3,7 millóns de euros*
- *A obra foi adxudicada en 2007, co obxectivo de dar resposta ao aumento da poboación en idade escolar deste municipio*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea un Instituto de Educación Secundaria (IES) en Ponteareas, na provincia de Pontevedra, con capacidade para 16 unidades de educación secundaria obrigatoria. A través da creación deste novo centro preténdese a reorganización da escolarización no Concello de Ponteareas, que nos últimos anos ten experimentado un aumento considerable da poboación en idade escolar, e que xa supuxo a posta en funcionamento de novas unidades de educación infantil e primaria nos centros da localidade.

Do mesmo xeito, para a planificación deste novo IES tamén se tivo en conta a incorporación do alumnado do 1º ciclo de ESO do concello do Covelo. Esta actuación configura unha nova adscrición de centros que foi aceptada por todos os membros das comunidades educativas afectadas. Así, o colexio de educación infantil e primaria (CEIP) *Nosa Señora dos Remedios* queda adscrito ao IES *Pedra da Auga*; o CEIP *Fermín Bouza Brey* ao IES *Val do Tea*; e os CEIP *Ramiro Sabell Mosquera*, *Santiago Oliveira*, *Feliciano Barrera* e de Covelo ao novo IES.

A decisión da construción do IES foi tomada no ano 2006 debido á necesidade de cubrir a demanda de prazas da zona, e as obras adxudicáronse ao ano seguinte, sendo financiadas durante os anos 2007, 2008 e 2009. En total, o novo centro conta cuns 3.800 metros cadrados construídos, cun investimento de máis de 3,7 millóns de euros. O custo total de creación deste novo centro (obras, persoal, gastos de funcionamento e equipamento) ascende a 5,8 millóns de euros, que será asumido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria con cargo aos seus orzamentos.

A demanda de prazas na zona para o curso 2009-2010 fai indispensable a posta en funcionamento deste centro, logo da súa construción, tendo ademais en conta que a admisión de alumnado para o vindeiro ano académico xa se está a realizar desde marzo.



O CONSELLO DA XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL O MOSTEIRO DE SANTA CRISTINA DE RIBAS DE SIL, EN PARADA DE SIL (OURENSE)

- *O antigo cenobio constitúe un dos grandes fitos monumentais, paisaxísticos e espirituais da Ribeira Sacra*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a declaración do mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil como Ben de Interese Cultural, na categoría de monumento. Esta declaración outórgalle o máximo grao de protección ao cenobio que se erixe como un dos grandes fitos monumentais e espirituais da Ribeira Sacra polo seu valor histórico-artístico, arquitectónico, ambiental e espiritual.

O decreto tamén sinala o contorno de protección do mosteiro, que se estende polas beiras do río Sil, desde a desembocadura do regato de Portela ata a do Furando, abarcando así terras do concello ourensán de Parada de Sil e do lucense de Sober.

Con esta resolución, Santa Cristina de Ribas de Sil incorpórase ao grupo das principais igrexas e mosteiros da Ribeira Sacra que contan co máximo grao de protección legal, como San Miguel de Eire, San Estevo de Atán, San Fiz de Cangas, o mosteiro de Ferreira de Pantón, o mosteiro de Montederramo, San Estevo de Ribas de Sil, San Estevo de Ribas de Miño, San Pedro de Rocas e Santa María de Xunqueira de Espadañedo.

O esplendor do románico galego

Aínda que de orixes imprecisas, e posiblemente eremíticas, o templo foise transformando nun cenobio xa documentado a fins do século X. A bonanza económica do mosteiro bebía da riqueza paisaxística da que se rodea, o souto de Merilán e a cunca do Sil, do que aproveitaba os seus recursos fluviais, así como o aforamento das terras, os privilexios reais e a protección papal.

Con esta riqueza inicial contrasta a decadencia iniciada no século XIV, que levará a Santa Cristina a converterse nun priorado do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil. Este declive converterase en definitivo no século XIX coa desamortización e a súa nova función, a de granxa.

Malia estes cambios, a igrexa conservou as características que a erixen como un magnífico expoñente do esplendor arquitectónico do románico galego. O templo organízase sobre unha nave única, con cruceiro destacado e tres ábsidas semicirculares na cabeceira. A igrexa expón os cambios estilísticos que se deron nos últimos anos do século XII e principios do XIII, dando fe da importancia da labor



escultórica dos mestres medievais. Ademais, a torre do campanario conforma un elemento arquitectónico singular ao integrarse na ala norte de claustro.



A XUNTA E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA COLABORARÁN NA ATENCIÓN ÁS VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio a través do cal se desenvolverán os servizos de atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia de xénero, así como aos menores e outras persoas dependentes afectadas tamén por esta situación*
- *A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar achegará un total de 154.600 euros para o desenvolvemento deste acordo*
- *Este convenio estenderase tamén ao programa 'Abramos o círculo', unha iniciativa de atención psicolóxica aos homes con problemas de control de violencia no eido familiar*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para o desenvolvemento de programas de atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero, así como aos menores e outras persoas dependentes que se vexan tamén afectadas polas situacións de violencia. O convenio estenderase tamén ao programa *Abramos o círculo*, unha iniciativa de atención psicolóxica aos homes con problemas de control de violencia no eido familiar.

Vicepresidencia achegará un total de 154.600 euros para o desenvolvemento destes dous programas ao longo do presente ano. A través destas iniciativas preténdese dar un paso máis na erradicación da violencia de xénero e mellorar tamén a asistencia ás vítimas, de xeito que se garanta a súa recuperación e normalización social.

A través deste novo convenio, que dá continuidade á colaboración xa establecida entre a Administración autonómica e o Colexio de Psicólogos, garántese a atención psicolóxica especializada para as mulleres vítimas de violencia de xénero en proceso de recuperación terapéutica, así como aos menores ou outras persoas dependentes que vivisen ou padecesen tamén situacións de violencia de xénero.

Pola súa banda, o programa *Abramos o círculo* achegará atención psicolóxica especializada que abra vías de recuperación aos homes que recoñezan ter problemas de control de violencia no eido familiar. Deste xeito búscase atallar a violencia de xénero desde a base, proporcionando os recursos precisos para que os posibles maltratadores reaccionen ante o seu caso, evitando así as situacións de violencia de xénero no núcleo familiar.

En cada un dos programas designarase un psicólogo ou psicóloga, nomeado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que será o encargado de coordinar o programa. A atención psicolóxica desenvolverase a través dunha completa rede de



profesionais acreditados que levarán a cabo a intervención en todo o país. No convenio establécese tamén que os psicólogos e psicólogas dos programas recollidos no mesmo deberán cursar as actividades de formación continua precisas para garantir a súa profesionalidade e actualización de coñecementos, especialmente no relativo á violencia de xénero.



A XUNTA ACHEGARÁ 209.000 EUROS PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS DE SANTIAGO

- *Financiará nun 40% a ampliación do cadro de persoal do parque de bombeiros desta cidade debido ao convenio que se asinou en 2001 para que estes prestasen os seus servizos en determinados concellos da comarca*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Santiago de Compostela en materia de prevención e extinción de incendios e salvamento, polo que o departamento autonómico achegará 209.035,35 euros para o financiamento da ampliación do cadro de persoal do parque de bombeiros desta cidade.

Este cadro de persoal foi incrementado en 19 postos de traballo co obxecto de responder ás obrigas contraídas coa Comunidade Autónoma na materia, segundo o acordo asinado en 2001 –e modificado en 2004- co obxecto de que os seus traballadores prestasen os seus servizos de extinción de incendios e salvamento en determinados concellos da comarca. Con anterioridade a este convenio o persoal estaba formado por 57 persoas, e a porcentaxe de financiamento do incremento dos gastos de persoal quedou fixado nun 40% para a Xunta.

No entanto, este acordo foi anulado en virtude da sentenza do 18 de febreiro de 2008 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, polo que o parque deixou de prestar servizos nos municipios da comarca sen que, en consecuencia, o Concello poida reducir de inmediato o seu cadro de persoal debido ás obrigas que ten fronte os funcionarios do servizo como Administración pública de que dependen.

Interese público, excepcionalidade e temporalidade

Nesta situación concorren circunstancias de interese público, excepcionalidade e temporalidade que obrigan a Comunidade Autónoma a contribuír a que o Concello de Santiago poida responder ante as súas obrigas sen detrimento de fondos dedicados a outras actividades ou servizos públicos. A devandita temporalidade durará ata que o municipio faga os reaxustes necesarios para acomodar os postos creados para a comarcalización ás súas necesidades locais.

Segundo o texto do convenio, o Concello comprométese a presentar, con carácter anual e antes do libramento do pagoamento da subvención, unha actualización do plan de reestruturación e reaxuste no que indique os gastos cuxo financiamento corresponda á Xunta de Galicia e as medidas que vai tomar a curto prazo para minorar as súas achegas. En calquera caso, o prazo para o reaxuste non poderá



exceder o ano 2012, e o plano de reestruturación está sometido á conformidade da Consellería de Presidencia.

Para facilitar o seguimento e cumprimento deste convenio constituirase unha comisión mixta paritaria que terá entre as súas funcións a interpretación do convenio, a intervención previa á resolución por incumprimento e calquera outra relacionada co seu desenvolvemento.



O GOBERNO GALEGO INVISTE PRETO DUN MILLÓN DE EUROS NO ACONDICIONAMENTO DO PORTO DE PANXÓN, EN NIGRÁN

- *O Consello da Xunta autoriza a sinatura dun convenio entre o ente público e o Concello que permitirá mellorar a integración porto- vila*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o ente público Portos de Galicia, dependente da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello de Nigrán para o acondicionamento do porto de Panxón. A través deste convenio a Xunta investirá preto dun millón de euros no dito porto.

As obras a realizar inclúen tanto a integración dos espazos portuarios e urbanos como a mellora das instalacións portuarias, contribuíndo así a unha mellor integración porto- vila. En concreto, acometerase a reordenación das zonas de tráfico rodado, a creación de espazos peonís, a mellora e reposición do mobiliario urbano, a prolongación da rampla de varada, o acondicionamento da explanación de servizos, a reparación do morro do dique de abrigo e a pintura exterior deste.

Segundo o convenio, Portos de Galicia asumirá o financiamento total das actuacións, que ascende a 931.744,94 euros e encargarse da contratación e execución das obras. Pola súa banda, o Concello de Nigrán comprométese a pór a disposición de Portos uns 3.300 metros cadrados de titularidade municipal próximos ao porto de Panxón e a facilitar os permisos necesarios para acometer as obras. Unha vez rematados os traballos, o Concello asumirá a conservación e mantemento dos espazos renovados así como das diversas redes de servizos urbanos instaladas na zona.



O CONCELLO CORUÑÉS DE CARIÑO INCORPÓRASE Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

- *Este concello delega na Axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística para determinados tipos de solo*
- *A APLU é un ente público consorciado ao cal os concellos se incorporan de xeito voluntario e que xa conta con 42 municipios adheridos*

O Consello da Xunta aprobou o convenio de colaboración entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia (APLU) e o Concello coruñés de Cariño para a súa adhesión a este órgano consorciado encargado de velar pola utilización racional do solo de conformidade coa normativa urbanística e de protección do litoral. No día de hoxe hai un total de 42 concellos adheridos á Axencia.

A integración deste concello na APLU será plenamente efectiva unha vez asinado o convenio de colaboración autorizado hoxe polo Consello e logo da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Cómpre lembrar que a adhesión á APLU é unha decisión voluntaria dos propio concello que debe ser aprobada en sesión plenaria municipal.

A partir de agora, o Concello delega na Axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística respecto das obras e usos do solo que se realicen en solo rústico, en solo urbanizable mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ás administracións municipais.

Funcións da APLU

A APLU é un ente público consorciado do cal forman parte a Xunta de Galicia e os concellos que voluntariamente se adhiran a ela. A súa misión é a vixilancia do territorio para velar pola utilización racional do solo, a ordenación do territorio especialmente na zona rural e a inspección de áreas sensibles como o litoral na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Os estatutos da Axencia –que foron elaborados por unha comisión mixta integrada por representantes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias - recollen de xeito pormenorizado as súas funcións como son, entre outras, a inspección e vixilancia urbanística sobre os



actos de edificación e uso de solo, a adopción das medidas cautelares previstas na lexislación urbanística, a instrución dos expedientes de reposición da legalidade e dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas, a potestade sancionadora e de reposición da legalidade, o requirimento para a anulación de licenzas contrarias á normativa, o asesoramento e asistencia ás administracións públicas e as competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que os municipios integrados voluntariamente na Axencia deleguen na mesma.



A XUNTA E A USC COLABORAN NA CONSTRUCIÓN E DESENVOLVEMENTO DE TRES CENTROS DE INVESTIGACIÓN

- *Son o Centro de Investigacións Médicas (CIMUS), o Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) e o Centro de Investigacións en Biotecnoloxías Aplicadas á Alimentación (CIBA2)*
- *Estas instalacións albergarán 600 investigadores aproximadamente*
- *A Administración educativa autonómica contribúe ao financiamento destas accións achegando un total de 1,9 millóns de euros*

O Consello da Xunta vén de autorizar a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a construción e desenvolvemento do Centro de Investigacións Médicas (CIMUS), o Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) e o Centro de Investigacións en Biotecnoloxías Aplicadas á Alimentación (CIBA2). A Administración educativa autonómica comprométese a contribuír ao financiamento da construción e dotación do equipamento destes centros, achegando un total de 1,9 millóns de euros.

Os tres centros créanse co obxectivo de favorecer e facer viables estruturas organizativas de produción científica e investigación máis eficientes, ao tempo que facilitar a integración estable dos recursos, capacidades e obxectivos dos grupos de investigación que compoñen as agrupacións estratéxicas. O CIQUS estase construindo na parcela ZEU-19 do Campus Sur da Universidade de Santiago de Compostela e consta de planta semisoto, baixo e tres plantas, cunha superficie construída total de 5.000 metros cadrados. Nestas instalacións está previsto albergar 250 investigadores en 28 laboratorios de distintas dimensións.

Pola súa banda, o edificio CIMUS estase executando na parcela do plan parcial da Choupana en Santiago de Compostela. Consta de dúas plantas de soto, un semisoto, baixo e seis plantas, cunha superficie construída de aproximadamente 9.000 metros cadrados. Nas súas instalacións espérase desenvolver 56 laboratorios de distintas dimensións para acoller 230 investigadores aproximadamente.

Por último, o edificio CIBA2 estase levantando contiguo á Facultade de Ciencias no Campus de Lugo da USC. Esta instalación consta de semisoto e catro plantas, cunha superficie construída de aproximadamente 4.000 metros cadrados. No CIBA2 está previsto construír 28 laboratorios especializados para albergar uns 120 investigadores.

No convenio autorizado hoxe materialízase a coincidencia entre a Consellería de Educación e a USC na necesidade de fomentar as accións que conduzan ao



desenvolvemento de capacidades e servizos para a xestión do coñecemento científico de excelencia nos ámbitos referidos, así como a valorización e proxección económica das actividades e resultados de investigación destas unidades. En consecuencia, propoñen a vontade de colaborar contribuíndo á dotación de instalacións e infraestruturas científicas que permitan o óptimo desenvolvemento destes tres centros de investigación.

A Administración educativa autonómica, a través da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia, e dentro do *Programa de Consolidación e Estruturación de Unidades de Investigación Competitivas*, promove na USC a organización e actividade de dúas agrupacións estratéxicas de investigación: o CIMUS e o CIQUS, estando o primeiro orientado á investigación traslacional no campo da medicina molecular e enfermidades crónicas e integrando o segundo as capacidades de investigación en química biolóxica, novos materiais, química computacional e química estrutural.

Ao mesmo tempo, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten interese en promover as capacidades científicas relacionadas coa investigación agroalimentaria, necesarias para apoiar os obxectivos de innovación neste ámbito no contorno da Fundación CETAL promovida pola Xunta de Galicia e o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño en Lugo, para o que promove o Centro de Investigacións en Biotecnoloxías Aplicadas á Alimentación (CIBA2). Este centro integrará e desenvolverá interdisciplinariamente liñas de investigación de bioquímica, farmacoloxía e química analítica aplicadas á produción e control de alimentos e aos seus efectos na saúde.



A XUNTA DESTINA 416.000 EUROS A COLABORAR COS 18 CONSELLOS REGULADORES DAS DENOMINACIÓNS DE CALIDADE GALEGAS

- *Esta cantidade destinarase a sufragar os gastos de funcionamento destas entidades no primeiro semestre de 2009 e seralles abonada en dous pagamentos.*
- *Como novidade, este ano incorpóranse á lista de beneficiarios os consellos reguladores das indicacións xeográficas protexidas Faba de Lourenzá e Castaña de Galicia, os dous últimos produtos para os que se aprobou a protección transitoria na nosa comunidade.*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a Consellería do Medio Rural a destinar un total de 416.000 euros en concepto de axudas ao funcionamento dos 18 consellos reguladores das denominacións de calidade galegas. Esta iniciativa inclúese dentro do programa de apoio aos produtos agroalimentarios que presentan características diferenciadoras, en canto a orixe, calidade, tradición e forma de elaboración e que a Consellaría considera de vital importancia para a rendibilidade das explotacións e a fixación de poboación no medio rural.

Así mesmo, a cantidade aprobada considérase inicialmente suficiente para cubrir os gastos básicos de funcionamento destas entidades no primeiro semestre do ano 2009, aínda que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia prevese unha partida de 1.038.111 euros para este fin, distribuída ao longo de todo o exercicio. Nun principio, os 16 consellos reguladores con maior antigüidade recibirán, cada un, 25.000 euros e os que recentemente acaban de iniciar a súa andaina (os das IXP´s Faba de Lourenzá e Castaña de Galicia) reciben unha menor contía, 10.000 e 6.000 euros respectivamente. De acordo co Decreto 11/2009, a xestión das axudas realizarase en dous pagamentos, para facilitar o financiamento dos gastos realizados a comezos de ano. A distribución das contías entre os beneficiarios queda do seguinte xeito:

ÓRGANO SUBVENCIONADO	SUBVENCIÓN	1º PGTO.	2º PGTO.
C.R.D.O. RIBEIRO	25.000,00	15.100,00	9.900,00
C.R.D.O. VALDEORRAS	25.000,00	15.100,00	9.900,00
C.R.D.O. RÍAS BAIXAS	25.000,00	15.100,00	9.900,00
C.R.D.O. MONTERREI	25.000,00	15.100,00	9.900,00
C.R.D.O. RIBEIRA SACRA	25.000,00	15.100,00	9.900,00
C.R.DD.XX.AUGARD. E LICORES TRAD.	25.000,00	15.100,00	9.900,00
C.R.I.X.P.TERNERA GALLEGA	25.000,00	15.100,00	9.900,00
C.R.I.X.P. LACÓN GALLEGO	25.000,00	15.100,00	9.900,00
C.R.I.X.P. PATACA DE GALICIA	25.000,00	15.100,00	9.900,00
C.R.I.X.P. MEL DE GALICIA	25.000,00	15.100,00	9.900,00
C.R.D.O.P. QUEIXO TETILLA	25.000,00	15.100,00	9.900,00
C.R.D.O. ARZÚA-ULLOA	25.000,00	15.100,00	9.900,00



C.R. AGRICULTURA ECOLOXICA DE GALICIA	25.000,00	15.100,00	9.900,00
C.R.D.O.P. SAN SIMÓN DA COSTA	25.000,00	15.100,00	9.900,00
C.R.I.X.P. PAN DE CEA	25.000,00	15.100,00	9.900,00
C.R.D.O.P. CEBREIRO	25.000,00	15.100,00	9.900,00
C.R.I.X.P. FABA DE LOURENZÁ	10.000,00	8.000,00	2.000,00
C.R.I.X.P. CASTAÑA DE GALICIA	6.000,00	4.800,00	1.200,00
TOTAL €	416.000,00	254.400,00	161.600,00



A XUNTA ACHEGARÁ 660.000 EUROS PARA FINALIZAR OS TRABALLOS DE MUSEALIZACIÓN DA VILA ROMANA DE MITREO, EN LUGO

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre a Consellería, o Concello de Lugo e a Universidade de Santiago para rematar as actuacións na Vicerreitoría*
- *Cultura finalizará os traballos de consolidación e posta en valor dos restos arqueolóxicos e dotará o centro de instalacións de climatización*

O Concello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Cultura e Deporte, a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Lugo para financiar a última fase da actuación de conservación e musealización dos restos da vila romana de Mitreo, localizados na construción da nova Vicerreitoría. Cultura achegará 660.000 euros e a Universidade 90.000 para rematar esta intervención.

O diñeiro achegado por Cultura para esta última fase permitirá dotar o xacigo dunhas instalacións de climatización e acondicionamento higrométrico, así como resolver cuestións de acabamentos e accesibilidade. Tamén servirá para finalizar os traballos xa iniciados de consolidación e posta en valor dos restos arqueolóxicos. A achega da Universidade empregárase en varias adaptacións do edificio cultural da Vicerreitoría.

Con este novo convenio, o investimento total na actuación elévase a 3,3 millóns de euros, dos cales Cultura achegou 1.660.000 euros, a Universidade 1.070.000 e o Concello 570.000.

Templo de Mitra

No 2000, as obras de construción no novo edificio da Vicerreitoría do Campus de Lugo fixeron saír á luz un importante xacigo romano, tanto polas súas dimensións coma polas súas características e conservación. Cultura decidiu entón a súa conservación "in situ", o que implicaba facer compatible a súa musealización co levantamento do novo inmoble.

Desta maneira, optouse por unha solución técnica consistente na colocación dunha estrutura que servise ao mesmo tempo de cuberta dos restos e de base para o edificio e que une a Muralla coa praciña da Universidade.

O xacigo componse dunha gran domus da primeira época do imperio, con modificacións posteriores. O espazo artéllase arredor dun patio lousado flanqueado por varias estancias nas que se atoparon pezas de gran valor como utensilios, moedas, muíños de grao, restos de cerámica...



O elemento máis salientable deste conxunto é o templo dedicado ao deus Mitra, un pequeno edificio de planta rectangular e que testemuña a presenza de cultos orientais na cidade de Lucus Augusti. Xunto ao altar mitreo destaca tamén parte da muralla da vila, ben conservada e cunha altura importante nalgunhas zonas. Estes descubrimentos considéranse de vital importancia para o coñecemento da historia da cidade.

O proxecto de musealización propón un percorrido circular a través de plataformas elevadas que permiten atravesar as distintas estancias da vila romana. O programa expositivo artéllase a partir dos tres espazos máis relevantes: a domus, o templo e a muralla. Ademais, incluírá diverso material divulgativo que contextualice e interprete o xacigo na súa época, e dentro da cidade romana de Lucus Augusti.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO ENTRE CULTURA, AGADER E AS UNIVERSIDADES PARA CONTINUAR O PROXECTO RONSEL DE SALVAGARDA DO PATRIMONIO INMATERIAL GALEGO

- *A Consellería de Cultura achegará 164.000 euros e a Agader outros 32.000 para a terceira anualidade do proxecto*

O Consello da Xunta de hoxe autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería de Cultura e Deporte, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e as universidades de Vigo, Santiago e A Coruña para continuar co proxecto Ronsel no ano 2009. Esta será a terceira anualidade dun programa que ten por obxectivo o inventario, salvagarda e posta en valor do patrimonio cultural inmaterial de Galicia.

Coa sinatura deste convenio darase continuidade a un proxecto que pretende evitar a desaparición das formas inmateriais do noso patrimonio inseríndoas na economía e na sociedade da Galicia actual. A acción coordinada de Cultura e a Agader e o traballo dos investigadores das universidades permiten poñer en marcha medidas conxuntas para aproveitar ao máximo as sinerxías.

A Consellería de Cultura e Deporte achegará este ano 163.958 euros, e a Agader 32.791 euros. O proxecto de investigación desenvólveno un equipo de profesores pertencentes ás tres universidades galegas, dirixido polo profesor Iván Area. O equipo de coordinación do proxecto complétano os profesores Manuel Cid, Xosé Antonio Fidalgo, Anxo Fernández e Xavier Simón.

Os dous aspectos en que pon énfase o proxecto Ronsel son por unha banda a investigación e por outra a promoción. No que se refire á investigación, búscase facer un inventario completo do patrimonio inmaterial e contactar coas persoas e grupos que manteñen vivo o noso patrimonio inmaterial e aqueles que traballan a prol da súa conservación.

No que se refire á promoción, puxéronse en marcha as mostras de Patrimonio Cultural Inmaterial, que se celebran anualmente para dar a coñecer a importancia e riqueza destes saberes e tradicións. Creouse ademais a web <http://webs.uvigo.es/ronsel/>, con información sobre o proxecto, novas e eventos relacionados co patrimonio cultural inmaterial e manifestacións dese patrimonio recollidas en distintos soportes.



A XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL PARA A SEGUNDA AMPLIACIÓN DUNHA GRANXA MARIÑA NA PRAIA DE LAGO, EN XOVE

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, promovido por *Insuíña S.L.*, para a segunda ampliación da granxa mariña existente na praia de Lago, no concello lucense de Xove. Este visto e prace é outorgado despois de que a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitise, o 10 de marzo de 2009, o informe sobre ese proxecto sectorial, previo á súa aprobación definitiva.

O informe de Urbanismo foi emitido a raíz de que o promotor presentase unha nova redacción do proxecto sectorial para esta segunda ampliación o pasado 26 de novembro. Previamente ao paso do proxecto sectorial polo Consello da Xunta para a súa aprobación, a Administración autonómica realizou todos os trámites preceptivos. Deste xeito, obtívose o informe do Concello de Xove, xunto cos doutros departamentos entre os cales se atopan Portos do Estado, Capitanía Marítima de Burela, a Dirección Xeral de Urbanismo ou o Ministerio de Medio Ambiente. Así mesmo, declarouse a incidencia supramunicipal desta iniciativa e recibíuse o correspondente informe de impacto ambiental, respectándose en todo momento os períodos de exposición pública.

Este proxecto, incluído no Plan Galego de Acuicultura elaborado polo executivo autonómico e aprobado o pasado mes de agosto, está orientado a preengorda e engorda de rodaballo e implica un investimento lixeiramente superior aos 30,1 millóns de euros nunha superficie total de 186.998,60 metros cadrados. Ademais supón unha produción anual estimada, segundo os responsables do proxecto, de 3.200 toneladas e a creación duns 90 postos de traballo, entre empregos directos e indirectos.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL PARA A AMPLIACIÓN DO CENTRO TECNOLÓXICO DA AUTOMOCIÓN DE GALICIA NO CONCELLO DO PORRIÑO

- *Esta ampliación levarase a cabo sobre unha superficie de 47.164 m² contiguos á actual instalación do CTAG e suporá a creación do Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes*
- *O investimento total estimado entre a Administración pública e o CTAG ascende a 50 millóns de euros, correspondentes á adquisición dos terreos, á urbanización do ámbito e á construción das instalacións do novo centro*

O Consello da Xunta aprobou hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, o proxecto sectorial para o desenvolvemento da ampliación do *Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG)* no Concello do Porriño, que na práctica suporá a creación do *Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes*. A ampliación levarase a cabo sobre unha superficie de 47.164 metros cadrados contiguos á actual instalación do *CTAG*.

O Consello da Xunta tamén declarou de utilidade pública e interese social as obras, instalacións e servizos previstos co desenvolvemento desta actuación, así como a necesidade de ocupación dos bens e dereitos necesarios pola vía da expropiación.

O investimento total estimado entre a Administración pública e o CTAG para o desenvolvemento do *Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes* ascende a 50 millóns de euros, correspondentes á adquisición dos terreos, á urbanización do ámbito e á construción das instalacións do novo centro.

Instalacións e distribución de usos

En canto á distribución dos usos, da superficie total de 47.164 metros cadrados, destinaranse 32.111 metros cadrados a uso industrial e terciario, 4.818 m² para espazos libres e zonas verdes, 5.377 m² para equipamentos, e os 4.857 metros restantes para o sistema viario.

O novo centro que se construírá na ampliación do CTAG albergará cinco laboratorios especializados en deseño electrónico, área de fabricación de compoñentes prototipo, laboratorio de calidade e laboratorio de fiabilidade electrónica, entre outros.

Ademais, o Centro disporá doutras instalacións complementarias, como bancos especiais para ensaios de sistemas dinámicos de vehículos intelixentes, un túnel óptico para funcións avanzadas de iluminación e sinalización, unha área de simulación



de conducción, prototipos tecnolóxicos con funcións avanzadas e infraestruturas de desenvolvemento de software de automoción.

Incidencia supramunicipal

O proxecto sectorial aprobado hoxe polo Consello da Xunta foi declarado de incidencia supramunicipal polo Goberno galego en maio de 2008, *por tratarse* dunha infraestrutura singular en España e con características únicas en Europa que ofrecerá métodos experimentais de vangarda tecnolóxica e equipamentos de última xeración, ofertando así servizos e produtos de alta tecnoloxía desde Galicia cara o mercado mundial, o que suporá unha maior presenza do sector da automoción galego en proxectos europeos, incrementando así o retorno dos fondos comunitarios.



A XUNTA DESTACA O MENOR NIVEL DE DÉBEDA, A MAIOR LIQUIDEZ E O MENOR GASTO COMPROMETIDO PARA O FUTURO

- *O investimento da Administración durante o período 2005-2008 foi de 8.990 millóns de euros un 49% máis que no período anterior*
- *Os investimentos totais da Xunta no ano 2008 acadaron os 2.751 millóns de euros*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe de execución orzamentaria referente ao ano 2008. Segundo este informe, o investimento da Xunta de Galicia durante o período 2005-2008 foi de 8.990 millóns de euros, un 49% máis que o investimento realizado no período anterior. Ademais, no ano 2008, os investimentos totais (Capítulos VI e VII) acadaron os 2.751 millóns de euros, un 11% máis que no ano anterior.

Así, os investimentos totais da Xunta de Galicia no ano 2008 tiveron un grao de execución sobre o crédito inicial do 99%. Os gastos totais ascenderon a 11.292 millóns de euros, o que supón o 91% de execución do presuposto vixente. A execución orzamentaria do 1º Trimestre do ano 2009 en termos de obrigas, foi do 17% similar á do ano anterior.

Compromisos futuros

No informe, analizáronse tamén os compromisos futuros. Así o gasto comprometido para o ano 2.010 é do 10% sobre o orzamento do ano 2009 e do 20% no Capítulo VI fronte ao 14% e o 31% respectivamente existente no anterior cambio de Goberno no ano 2005.

Situación de tesourería e débeda

O informe presentado esta mañá recolle tamén a situación da tesourería e débeda da Administración Autonómica. A tesourería da Xunta de Galicia a 31 de marzo é de 351 millóns de euros, o que significa un incremento do 29% sobre a existente a 31 de xullo do ano 2005. Cómpre salientar que o ratio de débeda sobre o PIB mellorou significativamente durante esta lexislatura ao pasar dun 7,6% no ano 2004 ao 6,9% no ano 2008.



O GOBERNO GALEGO ACHEGA AO CONCELLO DE VIVEIRO 915.000 EUROS PARA A ADQUISICIÓN DE 7 VIVENDAS DESTINADAS ÁS FAMILIAS AFECTADAS POLA DETERIORACIÓN DO BARRIO DO CELEIRIÑO

- *O Goberno local remitiu á Consellería de Vivenda e Solo a opción de compra de sete das oito vivendas previstas, destinadas ás familias cuxas vivendas no barrio do Celeiriño deberán ser derrubadas. Unha das propietarias renunciou*
- *O investimento –que aprobou hoxe o Consello da Xunta- incrementouse en 41.784 euros debido a que se computou tamén o valor dun rocho e unha praza de garaxe para cada unha das vivendas*

A Xunta achega 915.000 euros ao Concello de Viveiro para a adquisición de sete vivendas destinadas a outras tantas familias afectadas pola situación de deterioración dunha parte significativa dos inmobles do barrio do Celeiriño. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace a este investimento, que se incrementou en 41.784 euros respecto do orzamento inicialmente previsto -de 873.216 euros- debido a que nunha nova valoración se tivo en conta tamén o prezo dun rocho e dunha praza de garaxe para cada unha das vivendas de nova adquisición.

Toda vez que o departamento autonómico xa recibiu a opción de compra destas sete vivendas, fará efectivo en seguida o pagamento deste investimento ao Concello de Viveiro. Aínda que a Consellería se comprometeu a financiar a adquisición de oito vivendas para as oito familias afectadas pola derruba dos seus inmobles, unha das propietarias renunciou a esta posibilidade.

A proposta da Consellería de Vivenda e Solo, con base nos informes remitidos no seu día polo Concello de Viveiro, incluía unha dobre actuación en función do estado das vivendas. Por unha banda, subvencionar a adquisición de oito novas vivendas para entregar ás familias propietarias dos oito inmobles que se atopan en estado de total deterioración, cun prezo máximo que non excede o corresponde co prezo que ten unha vivenda protexida de prezo xeral de 90 metros cadrados no Concello de Viveiro.

A cambio os propietarios deben ceder as actuais vivendas ao IGVS, organismo adscrito á Consellería de Vivenda e Solo, que serán derrubadas e os soares resultantes serán destinados á dotación de equipamentos públicos.

Por outra banda, segundo os informes presentados polo Concello, existe un segundo grupo de 21 vivendas afectadas que precisan obras de rehabilitación. Para este segundo grupo a proposta da Consellería pasa por sufragar os gastos de rehabilitación destes inmobles con axudas de ata 30.000 euros por vivenda, o que supón un investimento total previsto de 630.000 euros. Neste caso, o Concello deberá emitir un informe acreditativo de que esta é a solución máis acaída para estas vivendas.